



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2023/11, Extraordinaria REALIZADA O martes 24 de outubro de 2023 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Concelleiros/as:

ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (ADV)

DONA SUSANA GUIMAREY GARCÍA

DON JAVIER LENDOIRO SANTOS

DON FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA

DONA MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

DONA INMACULADA MANTIÑÁN ÍNSUA

DONA NATALIA PATIÑO CAÑAS

DONA ROCÍO RABUÑAL BOUZAS

PARTIDO POPULAR (PP)

DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO

DONA CRISTINA CASAL DÍZ

DONA OSCAR BODELO GÓMEZ

DONA MARÍA ISABEL LÓPEZ PÉREZ

PARTIDO SOCIALISTA (PSDEG-PSOE)

DONA PATRICIA BLANCO FIDALGO

AUSENCIAS

DON CARLOS BARBEITO REY (PP)

INTERVENTORA:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

NOEMÍ GONZÁLEZ MATO

ASESORA XURÍDICA:

SONIA CAMPOS ARES

SECRETARIA :

REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ

HORA DE INICIO: 20:00

HORA DE REMATE: **20:03**

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:00 do martes 24 de outubro de 2023, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde e segundo acordo plenario do 29 de xuño de 2023, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnen-se en sesión 2023/11, Extraordinaria, e en convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

Antes de comen-zar, presenta o Sr. Alcalde á nova Secretaria do Concello dona Rebeca Vázquez Vázquez.

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

1.1 Toma de Posesión de dona Rocío Rabuñal Bouzas

Pola concelleira do grupo municipal de Alternativa dos Veciños debe procederse á toma de posesión do seu cargo de concelleira . O Alcalde indícalle á Sra. Rocío Rabuñal que se levante para ante a constitución tomar posesión do seu carto .(tendo constancia pola Secretaría que dita concelleira cumpriu cós requisitos legais para proceder a esta toma de posesión credencial de nomeamento e presentación de declaracións de bens e actividades) .

A Sra. Rocío toma posesión prometendo pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas de cargo de concelleira con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O Alcalde dalle a medalla de concelleira e a mesma pasa a sentarse no pleno municipal ocupando o seu posto de concelleira do grupo municipal de Alternativa dos veciños.

1. 2. Aprobación Conta Xeral Exercicio 2022 e rendición dela ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: Aprobación Conta Xeral Exercicio 2022 e rendición dela ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.

EXPEDIENTE: 2023/X999/000141

Logo de formar a Intervención do Concello de Carral (A Coruña) a conta xeral correspondente ao exercicio de 2022, e de poñer as contas e a documentación complementaria que a integran a disposición de todos/as os/as membros da Corporación e, por tanto, dos/as integrantes da comisión especial de contas do Concello dende o 18 de xullo de 2023, en cumprimento do establecido no artigo 212.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a devandita comisión emitiu informe favorable ao respecto na súa sesión realizada o 30 de xuño de 2022.

En cumprimento do establecido no art. 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, a conta xeral e o devandito informe da comisión especial de contas quedaron expostos ao público por prazo de 15 días dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 167, do 1 de setembro de 2023, durante os cales e oito máis os/as interesados/as tiveron a oportunidade de presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Dado que, segundo o informe emitido o 06 de outubro de 2023 pola auxiliar do rexistro xeral do Concello, durante o devandito prazo non se presentou ningunha reclamación ao respecto, polo que non procede o seu exame pola comisión especial nin a emisión de novo informe, **PROPOÑO AO PLENO** a adopción dos seguintes acordos, en cumprimento do establecido nos artigos 212.4 e .5, e 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, da Lei 7/1988, de 5 de abril, de Funcionamento do Tribunal de Contas, e 25.2 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Primeiro.- Aprobar a conta xeral do Concello de Carral correspondente ao exercicio de 2022.

Segundo.- Render ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia a devandita conta xeral debidamente aprobada.

Carral, na data da sinatura que figura ao marxe

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose”

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha observación a esta aprobación e indica a Sra. Blanco que sí, que o Grupo Socialista votará en contra desta aprobación xa que o goberno municipal non contou en ningún momento coa oposición municipal para os investimentos agás no goberno anterior cando viron a posibilidade de perder os fondos nese momento sí se aceptou unha enmenda do PSdG pero ata ese momento non.

Non habendo mais debate procédese á votación:

Votacións:

Votos a favor: 7


- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 7 Alternativa dos Veciños

Votos en contra: 1

- 1 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños

Abstencións: 4

- 0 PSdeG-PSOE
- 4 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

1.3. Ditame aprobación do Plan estratéxico de Subvencións dos exercicios 2023 e 2026 do Concello de Carral

“Plan estratéxico subvencións 2023 /2026

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de TC2 o día martes 17 de outubro de 2023 emitíuse o seguinte DITAME:

PROPOSTA DE ACORDO

Visto o expediente TEDEC 2023/A013/000001 relacionado co Plan Estratéxico de Subvencións dos exercicios 2023 a 2026 do Concello de Carral, cuxo contido íntegro consta en providencia do Alcalde asinada en data 11 de outubro de 2023.

Visto que o artigo 8.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, establece que os órganos das Administracións Públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun Plan Estratéxico de Subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento.

Á súa vez, a Disposición Final Primeira da devandita lei establece que o referido artigo ten carácter básico, resultando de aplicación a todas as Administracións Públicas.

Visto que, en cumprimento da devandita norma, é necesario elaborar polo Concello un Plan Estratéxico de Subvencións, que terá carácter previo á concesión das mesmas e unha duración plurianual e que no Plan Estratéxico contémpanse as áreas e materias a fomentar, así como os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir co outorgamento das subvencións e a súa fonte de financiamento.

Visto o informe emitido pola Secretaría, asinado en data 11 de outubro de 2023 que se transcribe literalmente:

“*INFORME SECRETARÍA*”

Expediente TEDEC 2023/A013/000001



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

INFORME PLAN ESTRATÉXICO SUBVENCIONS 2023/2026

Dna Rebeca Vázquez Vázquez Secretaria do Excmo. Concello de Carral , en cumprimento do ordenado polo/a Sr/Sra. Alcalde/sa mediante Providencia que consta no expediente TEDEC referenciado asinada en data 11/10/2023 e do establecido no artigo 3.3. do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte,

INFORME


PRIMEIRO.- Lexislación aplicable Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións. Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións. Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

SEGUNDO.- Consideracións xurídicas O artigo 8.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, establece que os órganos das Administracións Públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun Plan Estratéxico de Subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento. Á súa vez, a Disposición Final Primeira da devandita lei establece que o referido artigo ten carácter básico, resultando de aplicación a todas as Administracións Públicas. Este artigo foi desenvolto polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións aprobado polo RD 887/2006 de 21 de xullo .Tamén a Lei de subvencións de Galicia 9/2007 no seu artigo 5 obriga á elaboración deste Plan.

TERCEIRO.- Procedemento a seguir

Nin na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, nin no Regulamento que o desenvolve, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, régúlase que órgano é o competente na Administración Local para a aprobación do devandito Plan Estratéxico de Subvencións, nin tampouco cal é o procedemento para seguir para a súa aprobación.

Respecto ao órgano competente de aprobar o Plan, non existe unha atribución específica da competencia para o caso das EELL. Por iso, nos municipios de réxime común como o de Carral cabería pensar que é de aplicación a competencia residual do/da Sr/Sra. Alcalde/sa, tal e como dispón o artigo 21.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, aínda que tamén podería sosterse que é o



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


Pleno da Corporación. Pódese entender que o órgano competente é o Pleno da Corporación porque as Bases Reguladoras das subvencións débense aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha Ordenanza Xeral de Subvencións (n ou mediante unha ordenanza específica para as diferentes modalidades de subvencións, tal e como sinala o artigo 17.2. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e non ten sentido que as Bases se aproben polo Pleno e o Plan Estratéxico sexa aprobado por un órgano distinto. Tampouco se establece, cal é o procedemento aplicable.

Hai que sinalar que o Plan Estratéxico de Subvencións ten carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigacións, quedando a súa efectividade condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de

subvención (art. 12.3. RLGS), non tendo natureza regulamentaria, polo que (informado por secretaría e por intervención) unha vez aprobado polo órgano competente (considera esta Secretaría que pode ser aprobado polo Pleno), o plan estratéxico debe publicarse no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento en cumprimento do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Hai que ter en conta que a Lei Xeral de Subvencións condiciona o outorgamento destas non só á existencia do Plan Estratéxico, senón, tamén ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de conformidade co ditaminado no artigo 8.1. da Lei Xeral de Subvencións, ao dispoñer que: "1. Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria" En relación o cumprimento de obxectivos de estabilidade orzamentaria remítome as observacións que podan realizarse pola interventora municipal.

O artigo 6 da Lei 19/2013 de transparencia recolle a publicación dos plans e programas plurianuais. En execución de tal previsión, o RD 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, introduce un novo parágrafo no artigo 13 do RXS para establecer que dita publicación, no caso dos plans estratéxicos de subvencións, realícese no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP). O SNPSAP publicará o plan aprobado e as súas actualizacións, así como os informes sobre o grao de avance da aplicación do plan e os resultados da avaliación. Este precepto non ten carácter básico, polo que a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

publicación no SNPSAP dos plans estratéxicos de subvencións (PES) unicamente será obrigatoria no ámbito da Administración Xeral do Estado.

Con todo, en aras á transparencia da xestión subvencional recoméndase a publicación no SNPSAP de todos os PES aprobados, con independencia do seu ámbito subxectivo, como veñen realizando a maioría de cidades que contan co devandito plan. Ademais desta publicación na BDNS, que conta cunha pestana específica para a consulta dos plans estratéxicos, publicarase no BOP e no portal de transparencia da web municipal.

Á vista do contido do Plan Estratéxico de Subvencións , infórmase FAVORABLEMENTE a súa aprobación.

É o que teño a ben informar, salvo erro ou omisión involuntaria en aplicación da nomrativa vixente .

Carral asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe

A Secretaria

Enterado do contido íntegro do informe

O Alcalde ”.

Visto o informe emitido pola Intervención, asinado en data 11 de outubro de 2023 que se transcribe literalmente:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Aprobación do Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Carral, para o período comprendido entre o exercicio 2023 e o 2026.

EXPEDIENTE Nº:2023/A013/000001

En cumprimento do ordenado por Providencia de Alcaldía de 11 de outubro de 2023, e de conformidade co disposto no artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvido no artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, esta Interventora Municipal ten a ben emitir o seguinte

INFORME,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

PRIMEIRO: O artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público fixa como un dos principios que debe respectar na súa actuación calquera Administración pública o da “planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas”.

Do mesmo xeito, a lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (en adiante LXS), veu establecer con carácter básico para o conxunto das Administracións Públicas, a obrigação de elaborar e aprobar con carácter previo ao establecemento de subvencións, un Plan Estratéxico, nos termos previstos no seu artigo 8.1, ao apuntar que: “Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”.

E, no seu desenvolvemento, a regulación dos plans estratéxicos de subvencións expúxose no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (en adiante RLXS), onde indica que: “Os plans estratéxicos de subvencións a que se fai referencia no artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións, configúranse como un instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública “.

Á súa vez, a Disposición Final Primeira da devandita lei establece que o referido artigo ten carácter básico, resultando de aplicación a todas as Administracións Públicas.

De conformidade co disposto no artigo 11.4 do RLXS, os plans estratéxicos conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

SEGUNDO: Mediante Sentenza do Tribunal Constitucional de 4 de xuño de 2013, declarouse a constitucionalidade do citado artigo 8.1 da LXS, procedéndose, por tanto, á aplicación respecto de devandito artigo da xurisprudencia consolidada do Tribunal Supremo (Sentenzas de 4 de decembro de 2012, de 26 de xuño de 2012; de 28 de xaneiro de 2013 e de 16 de abril de 2013), que considera que devandito precepto ten carácter básico e chega ás seguintes conclusións:

- O Plan Estratéxico ten carácter previo ao establecemento de calquera subvención, sendo un requisito esencial e previo á regulación da subvención, de tal forma que require unha formalización ou instrumentalización externa.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

• *En todo caso, a concesión de subvencións debe supeditarse en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Neste senso, hai que ter en conta que se suspenderon as regras fiscais para o exercicio 2023, non sendo e por tanto, exigible a observancia dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda nin a regra de gasto, que si entrarán novamente en vigor a partires do exercicio 2024.*

TERCEIRO: *O contido do Plan Estratéxico de subvencións que se presenta para a súa aprobación, se adecúa ao establecido no artigo 12.1 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que establece o contido dos Plans, que é o seguinte:*

a) *Obxectivos estratéxicos, que describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan (que é de tres anos) e que han de estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios.*

b) *Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberán explicitarse os seguintes aspectos, que se concretan na proposta de Plan:*

1.º *Áreas de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas.*

2.º *Obxectivos específicos que se pretenden coa súa aplicación.*

3.º *Prazo necesario para a súa consecución.*

4.º *Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas Administracións Públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.*

5.º *Plan de acción, no que concretarán os mecanismos para pór en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan, delimitaranse as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras da concesión a que se fai referencia no artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións -LXS-, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas Administracións Públicas para a súa xestión.*

6.º *Procedemento de concesión, que pode ser por concorrencia competitiva ou de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

c) Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan. A estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.

d) Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.

De conformidade co apartado 2 do citado precepto, o contido do plan estratéxico poderá reducirse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as súas fontes de financiamento nos seguintes casos:

a) As subvencións que se concedan de forma directa, de acordo co establecido no artigo 22.2 da LXS .

b) As subvencións que, de maneira motivada, determiníñense por parte do titular do Departamento, en atención á súa escasa relevancia económica ou social como instrumento de intervención pública.

Engadindo o apartado 3 do citado artigo 12 do RLXS, que os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio.

CUARTO:- En relación ao procedemento a seguir para a súa aprobación, na citada LXS nin no RLXSregúlase que órgano é o competente na Administración Local para a aprobación do devandito Plan Estratéxico de Subvencións, nin tampouco cal é o procedemento a seguir para a súa aprobación.

a) Respecto ao órgano competente

En relación ao órgano competente para a aprobación do Plan, non existe unha atribución específica da competencia, nin na LXS nin no RLXS, se ben, este último, no seu artigo 13, atribúe a competencia no Estado ao Ministro ou Ministros responsables, pero non menciona que órgano é o competente nas Entidades Locais.

Por iso, nos municipios de réxime común cabería pensar que é de aplicación a competencia residual do alcalde/sa, tal e como dispón o artigo 21.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante LRBRL) aínda que tamén podería sosterse que é o Pleno da Corporación.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Efectivamente, e de conformidade co sinalado no informe da Secretaría municipal de 11 de outubro de 2023, podemos entender que o órgano competente é o Pleno da Corporación porque as Bases Reguladoras das subvencións débense aprobar no marco das Bases de Execución do Orzamento, a través dunha Ordenanza Xeral de Subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as diferentes modalidades de subvencións, tal e como sinala o artigo 17.2 da LXS, e non ten sentido que as Bases se aproben polo Pleno e o Plan Estratégico sexa aprobado por un órgano distinto.

b) Respecto ao procedemento

Tampouco se establece, nin na LXS nin no RLXS, cal é o procedemento aplicable, e, neste senso, hai que sinalar que o Plan Estratégico de Subvencións ten carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigacións, quedando a súa efectividade condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención (art. 12.3 RLXS), sinalando a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco de 6 de xuño de 2011, que “pois sabido é que os plans, do mesmo xeito que os programas e directrices de goberno, non son disposicións regulamentarias nin tan sequera de carácter orgánico, nin normas xurídicas obxectivas, senón simples estudos e materiais documentais con propostas ou enunciacións de bases e medios para lograr determinados fins e políticas públicas”, aínda que esta sentenza foi casada polo Tribunal Supremo, nada fai pensar que esta formulación respecto da natureza dos plans estratéxicos non sexa aceptable, de tal maneira que, non tendo natureza regulamentaria, unha vez aprobado polo órgano competente, o plan estratéxico debe publicarse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña para xeral coñecemento en cumprimento do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACA).

É tal e como se sinala no informe da secretaría municipal de 11 de outubro de 2023 “(...)Ademais desta publicación na BDNS, que conta cunha pestana específica para a consulta dos plans estratéxicos, publicarase no BOP e no portal de transparencia da web municipal”.

QUINTO.- Hai que ter en conta que o artigo 8.1 da LXS condiciona o outorgamento de subvencións, tanto nominais como de concorrencia competitiva, non só á existencia do Plan Estratégico, senón, tamén e en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que en cada ano deberase comprobar se cumpríuse o obxectivo de estabilidade orzamentaria para poder conceder subvencións.

Á vista do contido do Plan Estratégico de Subvencións, infórmase FAVORABLEMENTE a súa aprobación. Isto é o que teño a ben informar, se ben a corporación adoptará a decisión que considere adecuada.

Carral, na data da sinatura dixital ao marxe.”



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Por todo o exposto, elévase ao Pleno da Corporación previo Ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais de Pleno, a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Carral, para os exercicios 2023-2026 que se reproduce literalmente :

“PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE CARRAL

PREÁMBULO

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calquera ente público responsable da xestión de subvencións de elaborar un plan estratéxico de subvencións, no que deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiamento, estando suxeito en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O citado artigo 8 foi desenvolto polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento. Se ben este articulado non é aplicable aos Concellos, recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta.

A Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 tamén regula no artigo 5 a obriga de elaborar un plan estratéxico de subvencións: “Artigo 5. Principios Xerais. 1. Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.”



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O Plan Estratéxico, en diante PES, deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se expoñan deben estar recollidas no mesmo.

A normativa citada establece como principios inspiradores a transparencia, que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público adicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar o Plan Estratéxico, que introduza conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custes previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles con carácter previo ao seu nacemento e de forma anual ou plurianual.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social por mor da modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue: “*Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial*”. Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencións, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións.

O Concello de Carral pretende seguir apoiando a diferentes colectivos dentro do ámbito municipal dada súa importancia para o tecido social, asociativo, cultural ou deportivo.

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2023 a 2026, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; sen prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 2 . NATUREZA XURÍDICA.

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das disponibilidades orzamentarias, se acomodarán en cada momento aos citados obxectivos.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno da Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica.


ARTIGO 4. BENEFICIARIOS

Os beneficiarios poderán ser persoas físicas ou xurídicas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 5. LIÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O presente Plan Estratéxico resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

-Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Subvencións nominativas previstas no orzamento.

Con carácter xeral, as subvencións se concederán en réxime de concorrència competitiva; non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais.

As liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, son as seguintes:

- Liña 1: Fomento da promoción da cultura.
- Liña 2: Fomento da promoción do deporte.
- Liña 3: Fomento da promoción do educación.
- Liña 4: Fomento do desenvolvemento económico.
- Liña 5: Fomento das actividades medioambientais.

5.1. SUBVENCIONES DE PROMOCIÓN DA CULTURA

OBXECTIVO ESTRATÉXICO: Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter lúdico e cultural e promover a realización de actuación e festas con arraigo tradicional no ámbito do Concello de Carral (Entroido, festas do Socorro...)

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- 1.- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura o calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- 2.- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais innovadores, que fomenten a convivencia entre os veciños.
- 3.- Fomentar a participación da mocidade e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.
- 4.-Apoiar a organización de actividades culturais (exposicións, concertos, obras de teatro...) que beneficien á poboación de Carral
- 5.- Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais que poidan levar a cabo as distintas asociacións.
- 6.-Fomento das actividades culturais e festivas de promoción da lingua e a tradición galega.

PRAZO DE EXECUCIÓN: Convocatorias anuais



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

CUSTOS PREVISIBLES: Os custos previstos para o período 2022 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente.

FONTES DE FINANCIAMENTO: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: O procedemento de concesión se realizará por concorrencia competitiva ou de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento.

PLAN DE ACTUACIÓN: O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas

5.2. SUBVENCIONES DE PROMOCIÓN DO DEPORTE

OBXECTIVO ESTRATÉXICO: Ofrecer a todos os cidadáns a posibilidade de satisfacer as súas demandas deportivas e fomentar a práctica saudable como medio para mellorar a calidade de vida a través, principalmente, da colaboración con entidades e federacións deportivas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- 1.-Cooperar coas distintas entidades deportivas do municipio, tanto no desenvolvemento actividades como a mellora da rede de instalacións deportivas.
- 2.-Mellorar a calidade das instalacións deportivas e a participación cidadá en o mesmo, especialmente a participación infantil.
- 3.-Fomentar a promoción do deporte federado por parte das entidades deportivas de base.
- 4.-Fomentar e fomentar o deporte escolar nos centros educativos.
- 5.-Fomentar o desenvolvemento do deporte na rúa por parte das entidades deportivas.
- 6.-Facer convenios de colaboración con entidades e/ou federacións deportivas para a promoción de diversas disciplinas deportivas, así como coas persoas físicas que, aínda sen personalidade xurídica, desenvolvan actividades actividades ou proxectos relacionados coa promoción do deporte.
- 7.- Posta en marcha de iniciativas de intervención social e educativa a través do deporte.
8. – Promover a inclusión total da poboación feminina en todos os ámbitos e deportes.

PRAZO DE EXECUCIÓN: Anual, segundo necesidades.

FONTES DE FINANCIAMENTO: Recursos propios.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

CUSTOS ECONÓMICOS: Os custos previstos para o exercicio serán ata o máximo do disponibilidades orzamentarias

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: O procedemento de concesión para a execución deste liña estratéxica realizarase en concorrencia competitiva, salvo circunstancias excepcionais As circunstancias excepcionais debidamente xustificadas aconsellan a concesión directa.

PLAN DE ACCIÓN: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica é realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específica

5.3. SUBVENCIONES DE PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO: Apoiar e fomentar o acceso á educación das familias con recursos limitados, favorecendo a educación como dereito básico, en condicións de igualdade; os cursos; as actividades extraescolares; seminarios e outras actividades relacionadas coa formación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- 1.- Fomentar a igualdade de oportunidades para a adquisición de material escolar; o acceso a niveis educativos non obrigatorios non prestados no termo municipal, o que obriga ao pago de desprazamentos por parte das familias e implica un encarecemento no acceso a un dereito básico como é a educación.
- 2.- Complementar o acceso á educación en condicións de igualdade nos niveis educativos obrigatorios.

PRAZO DE EXECUCIÓN: Anual, segundo necesidades.

FONTES DE FINANCIAMENTO: Recursos propios.

CUSTOS ECONÓMICOS: Os custos previstos para o exercicio serán ata o máximo do disponibilidades orzamentarias

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: O procedemento de concesión para a execución deste liña estratéxica realizarase en concorrencia competitiva, salvo circunstancias excepcionais As circunstancias excepcionais debidamente xustificadas aconsellan a concesión directa.

PLAN DE ACCIÓN: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica é realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específica

5.4. SUBVENCIONES EN MATERIA DE DESENROLO ECONÓMICO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

OBXECTIVO ESTRATÉXICO: Fomentar e consolidar a gastronomía local, así como os produtos e elementos, fomentando así o desenvolvemento do noso sector empresarial local, e fomentando a consolidación do emprego.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- 1.- Fomento dos produtos locais.
- 2.- Dar a coñecer as cualidades turísticas do municipio.

PRAZO DE EXECUCIÓN: Anual, segundo necesidades.

FONTES DE FINANCIAMENTO: Recursos propios.

CUSTOS ECONÓMICOS: Os custos previstos para o exercicio serán ata o máximo das disponibilidades orzamentarias

PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN: O procedemento de concesión para a execución deste liña estratéxica realizarase en concorrencia competitiva, salvo circunstancias excepcionais. As circunstancias excepcionais debidamente xustificadas aconsellan a concesión directa.

PLAN DE ACCIÓN: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica é realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específica.

5.5. SUBVENCÍONS DE FOMENTO DAS ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS

OBXECTIVO ESTRATÉXICO: Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter medioambiental.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- 1.- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos do medio ambiente, como forma de participación da cidadanía.
- 2.- Colaborar coa organización de actividades medioambientais no ámbito educativo.
- 3.- Fomentar a participación da mocidade e das súas entidades sociais na dinámica medioambiental do municipio.
4. - Fomentar a reforestación con árbores autóctonos e o coidado e mantemento dos terreos cedidos en custodia polo Concello de Carral
- 5.- Apoiar o desenvolvemento de actividades medioambientais que poidan levar a cabo as distintas asociacións.

PRAZO DE EXECUCIÓN: Anual, segundo necesidades.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

FONTES DE FINANCIAMENTO: Recursos propios.

CUSTOS ECONÓMICOS: Os custos previstos para o exercicio serán ata o máximo do disponibilidades orzamentarias

PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN: O procedemento de concesión para a execución deste liña estratéxica realizarase en concorrencia competitiva, salvo circunstancias excepcionais As circunstancias excepcionais debidamente xustificadas aconsellan a concesión directa.

PLAN DE ACCIÓN: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica é realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específica

ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral , as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural. Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, deberase recoller nas correspondentes bases das subvencións (por exemplo: tempadas deportivas ou cursos escolares).


ARTIGO 7. FINANCIAMENTO

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención se procederá á tramitación da autorización do gasto correspondente.

ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións que establece que “tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención”. As bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiamento, do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública, poderán de forma motivada establecer a posibilidade de pagos anticipados.

ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Carral, realizarase de forma anual, en dous aspectos:

- 1 Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención do Concello de Carral, e que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.
- 2 Control e seguimento do Plan, que será recompilado pola Intervención municipal, para o cal, por parte de cada un dos servizos que actúen de órganos instrutores do procedemento de concesión das subvencións, procederase a remitir no primeiro cuadrimestre do exercicio seguinte, memoria de avaliación.

ARTIGO 10. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, na sede municipal, tanto no apartado Subvencións, como no Taboleiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica, no taboleiro de anuncios físicos, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando beneficiario, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada.”

SEGUNDO.- Ordenar a publicación do Plan Estratéxico de Subvencións, unha vez aprobado, no Boletín Oficial da Provincia no portal de transparencia do Concello e na Base nacional de datos de subvencións.

Carral, na data da sinatura que figura ao marxe

O Alcalde,

Asdo.: Francisco Javier Gestal Pose.

Votación:

Votacións: 10

Votos a favor: 6

Votos en contra: 0

Abstencións: 4



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Votos a favor:

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 6 Alternativa dos Veciños

Votos en contra:

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños

Abstenciones:

- 0 PSdeG-PSOE
- 4 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños

Concello de Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe.

A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez

O presidente, FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE”

Indica o Sr. Alcalde que segundo o artigo 8.1 da ley 38/2003, do 17 de novembro Ley Xeral das Subvencións establece que os órganos colexiados das Administracións Públicas deberán concretar un Plan Estratéxico de Subvencións aos obxetivos e a efectos que se pretendan coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución , os cursos previsibles e as súas fontes de financiamento en cumprimento da devandita norma é necesario elaborar por parte do Concello un Plan estratéxico de subvencións que será de carácter previo á concesión das mesmas é unha duración plurianual.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún ten algo que dicir.

Manifesta a Sra. Patricia que lle parece perfecto .

Indica o Sr. Fernández Mouriño que lles parece ben e que a ver si no ano 2024 xa están feitos os orzamentos e xa se aplica todo o que vai no Plan estratéxico.

Non habendo debate, procédese á votación co seguinte resultado:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Votacións: 12

Votos a favor: 12

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Votos a favor:

1 PSdeG-PSOE

4 Partido Popular

7 Alternativa dos Veciños

Votos en contra:

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

Abstenciones:

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

Ás 20:05 horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

A SECRETARIA DO CONCELLO

Rebeca Vázquez Vázquez